

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE EXALCOHÓLICOS DE FERROLTERRA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADITIVOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 28.02.2024 coa Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos aditivos, atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Asemade ao abeiro deste convenio realizarase un programa de prevención de recaídas, destinado a persoas previamente estabilizadas.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles e a enfermidade mental.

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Aditivos da Comunidade Autónoma.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia e o Plan de Saúde Mental de Galicia pos COVID19 periodo 2020-2024 supoñen o marco normativo de desenvolvemento da asistencia en saúde mental en Galicia.

Tal e como se recolle no citado decreto, o desenvolvemento dos dispositivos de saúde mental do Servizo Galego de Saúde precisa complementarse en áreas específicas para dar unha resposta máis completa as ditas necesidades asistenciais e, en concreto, no ámbito da atención aos problemas relacionados co alcol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia.

De acordo e coa aprobación do Ministerio de sanidade, a comunidade autónoma de Galicia está a desenvolver un proxecto denominado "*Plan atención aos trastornos aditivos de Galicia*" que prevé no seu desenvolvemento articular convenios de colaboración co terceiro sector para diminuír a prevalencia dos trastornos por consumo de sustancias e favorecer a súa prevención. Dito proxecto enmarcase no denominado "*Plan de Acción de salud Mental 2022-2024*" do Ministerio de Sanidade, que na Liña 6 (Prevención de condutas adictivas con e sen substancia) ten coma obxectivo xeral diminuír a incidencia das adiccións sen substancia e do alcoholismo na Comunidade Autónoma, implantando programas de prevención de recaídas en alcoholismo e adiccións sen substancias no marco do desenvolvemento do novo plan de trastornos adictivos na nosa Comunidade.

Existen asociacións sen ánimo de lucro que están a desenvolver un acreditado traballo de calidade a tódolos niveis (preventivo, asistencial e rehabilitador) , acorde ao catalogo de programas do plan de Galicia sobre drogas, e cumpren coa normativa específica para realizalo en centros sanitarios autorizados (Orde de 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros e establecementos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias).

A Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra constituíuse no ano 1972, e, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a asistencia sanitaria e social a persoas con trastornos aditivos, especialmente os relacionados co alcohol.

Na contorna é o único centro que presta asistencia de xeito profesionalizado e integral nas condutas adictivas relacionadas co trastorno por consumo de alcohol, tabaco e xogo patolóxico. Mesmo se atenden demandas puntuais de problemas relacionados coas compras compulsivas e as novas tecnoloxías e ademais, facilítase apoio e asesoramento a familiares e persoas do entorno. Todo ilo da lugar a que se chegue a prestar servizo anualmente a un promedio de 500 persoas de xeito directo e indirecto dunhas 800.



Dentro do marco funcional como unidade asistencial é un referente para os/as profesionais do ámbito sociosanitario de xeito que, existe una coordinación estreita, atopándonos na actualidade en que case a metade dos/as pacientes que acceden o servizo ou retornan veñen derivados de dito ámbito. Polo tanto, pódese dicir que se trata dun recurso moi necesario na atención das condutas adictivas na área sanitaria de Ferrol.

Programas a desenvolver ao abeiro deste convenio:

- Prevención de Recaídas:

A eficacia das terapias grupais deixa ter carácter de impresión clínica no momento de ser sometidas a control científico. Así por exemplo, (Irvin et. Al, 1999 e Antón et. Al 2005) comprobaron que as técnicas de prevención de recaídas móstranse efectivas particularmente para os problemas de alcol e conseguen unha diminución significativa tanto na frecuencia como na intensidade das recaídas se comparamos os resultados previos ao inicio do tratamento co grupo control. O programa de prevención de recaídas pódese considerar un tratamento eficaz de primeira elección como mostran varios estudos metaanalíticos (Mattick e Jarvis, 1993; Miller et al. 1995; Irvin, Bowers, Dunn y Wang, 1999), conseguindo unha diminución significativa tanto na frecuencia como na intensidade das recaídas no tratamento dos problemas co alcol. Posúe un nivel de evidencia científica 2 A e grado de recomendación B e que é efectiva no tratamento de condutas adictivas. Nivel de Evidencia I. Asemade, a técnica de prevención de recaídas, se mostra eficaz na diminución e frecuencia das mesmas, na redución da súa intensidade así como nos problemas asociados ao individuo e o seus microsistemas máis próximos. Por todo iso, considerouse necesario establecer o seu uso habitual nas diferentes Unidades de Trastornos Adictivos, non sendo a (UTA-Ferrol) "Asociación Ex-alcohólicos unha excepción neste sentido.

- Servizo de información, asesoramento e avaliación:

- Información e asesoramento: préstase atención personalizada as persoas que solicitan información sobre a carteira de servizos da entidade e asesoramento sobre condutas adictivas.
- Avaliación e diagnose biopsicosocial: exploración da situación do/a paciente e o seu entorno en relación coa conduta aditiva para posterior establecemento do diagnóstico biopsicosocial e elaboración do plan de intervención.
- Servizo de atención psicolóxica, psiquiátrica e rehabilitación psicosocial.
- Desintoxicación ambulatoria: intervencións terapéuticas farmacolóxicas, psicolóxicas e sociais coa finalidade de que o/a paciente acade de xeito seguro a abstinencia da sustancia aditiva ambulatorio.
- Deshabitución: intervencións psicolóxicas de carácter individual e/ou grupal co obxecto que a persoa acade a deshabitución da sustancia aditiva.



- Incorporación social: intervencións planificadas co obxecto de favorecer o proceso de a incorporación social da persoa.

O número estimado de persoas beneficiarias directas para o ano 2024: 800.

Esta asociación é a única que presta este servizo na súa área de influencia cumprindo todos os requisitos esixidos polo Servizo Galego de Saúde, e considérase urxente e de inaprazable necesidade o establecemento dun convenio de colaboración que permita continuar coa prestación desta asistencia as persoas afectadas por estas problemáticas.

No que se refire a concesión das devanditas subvencións, segundo o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, artigo 19.4, apartado a), poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Comunidade Autónoma, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as mesmas.

Por todo o exposto, formalizouse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, por un importe de cento corenta e un mil setecentos setenta e seis euros , (141.776,00 €) , dos que dez mil setecentos cincuenta euros (10.750,00 €) corresponden á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario e o resto a fondos propios libres, con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.24, co código de proxecto 2022 00002, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

